

1.- TITORÍAS.

Todo o profesorado, ademais dos titores e titoras, ten incluído no seu horario unha hora semanal de atención a pais/nais. De tal xeito que se queren falar especificamente co profesor dunha materia determinada, poden facelo nesa hora. As horas de recepción de cada profesor/a figuran na web do centro no apartado Comunidade educativa>Familias>Titorías.

<http://www.iesconcepcionarenal.es/index.php/familias/>

2.- AVALIACIÓNS.

Terán lugar tres avaliacións nas seguintes datas:

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª ava e Final
ESO, 1Bac	15-20 decembro	21-24 marzo	6-9 xuño

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación	Ava final
Ciclos	15-20 decembro	21-24 marzo	6 xuño	23-24 xuño

	Proba extraord.
ESO, 1Bac	20-22 xuño

	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª ava e Final	Ava extraord
2Bac	2 decembro	9 marzo	19 maio	23 xuño

O BOLETÍN DE NOTAS recibirase no seu móbil por medio da aplicación **ABALAR móbil**, o día da avaliación correspondente.

3.- FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE.

A aplicación **ABALAR móbil** permite coñecer diariamente, no seu móbil, as faltas de asistencia e incidencias que pode ter o seu fillo ou a súa filla. No apartado seguinte ten instrucións de como descargala e usala. Se dexa recibir as faltas de asistencia noutro formato comuníquello ao titor ou titora ou á dirección do Centro. Pode xustificar as faltas de asistencia do seu fillo/a medianta a aplicación **ABALAR móbil**. De non ser posible, pregámoslle que o faga utilizando o modelo oficial*, e achegue a documentación necesaria (xustificantes médicos, etc.).

*O pode atopar na páxina web do centro, ou solicitalo a través do seu fillo ou filla ao titor ou titorado mesmo.

4.- ABALARMOBIL

Trátase dunha aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos e fillas a través do teléfono móbil ou *tablet* dende calquera lugar, de forma cómoda e rápida. A descarga desta aplicación faise dende **Apple store** (se o sistema operativo é “IOS”) ou dende **Play Store** (se o sistema operativo é “Android”). Tamén teñen a posibilidade de realizar estas descargas dende a páxina *web* do instituto, <http://www.iesconcepcionarenal.es> onde atoparán, así mesmo, unhas guías explicativas en formato PDF.

Esta aplicación permite, entre outras, **consultar as cualificacións e as faltas de asistencia** do seu fillo ou da súa filla, así como pedir citas de tutoría.

5.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

Poden solicitar ao titor/a titora do seu/súa fillo/a a información que precisen sobre os dereitos e deberes dos alumnos que figuran no NOF. Tamén pode consultar as normas de convivencia do centro na páxina web <http://www.iesconcepcionarenal.es/index.php/familias/>

Queremos insistir na prohibición do alumnado de E.S.O. de abandonar o recinto escolar durante o horario lectivo. Só se permitirá esta circunstancia cando os pais/nais ou titores legais os recollan persoalmente no centro, e asinen o correspondente recibo.

6.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A responsable é Marta Crespo Romeo. Poden solicitar a intervención do Departamento de orientación a través dos titores e titoras do alumnado.

7.- XEFATURA DE ESTUDOS.

O xefe de estudos é Rafael Vázquez Peña e o seu horario **de atención á familias** é o **MÉRCORES de 12:30 a 13:15**. Se precisan ser atendidos noutro momento, non dubiden en pedir cita. A Xefa de estudos de adultos é Divina Arnosó Romero e atende os **VENRES de 17:45 a 18:30 h**.

8.- RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

Os Departamentos didácticos convocaron reunións a principio de curso para informar do plan de traballo para a recuperación destas materias pendentes. Se o seu fillo ou a súa fillas ten materias pendentes e non acadúu a ditas reunións deberá poñerse en contacto co Xefe ou Xefa do Departamento correspondente. O alumnado com materias pendentes será avaliado nas datas que se achegan no cadro inferior. O alumnado que non supere as avaliacións parciais, ten dereito a unha proba final de cada materia nas datas que a continuación se especifican:

ESO	26 xaneiro	29 abril	30 maio
1Bac	26 xaneiro	8 abril	29 abril

O alumnado de 4 ESO con L galega ou castelá pendente de 3ESO e o alumnado de 2Bac con L galega ou L Castelá pendente de 1Bac pode participar en clases de apoio coa profesora Elvira Roiz Mesías, os luns e mércores co seguinte horario:

	Luns	Mércores
17:00-17:45	L Castela 3ESO	L Galega 3ESO
17:45-18:30	L Castelá 1Bac	L Galega 1Bac

9.-AULA VIRTUAL.

O centro ten un aula virtual dentro da páxina, <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesconcepcionarenal/aulavirtual/> onde o alumnado pode consultar todo o material de cada unha das materias do seu curso. Cada alumno ten un correo electrónico, un nome de usuario e un contrasinal asignado, tal e como se especifica a continuación

Correo electrónico: nomeprimeiroapelidosegundoapelido@iesconcepcionarenal.es

Nome de usuario aula virtual: nomeprimeiroapelidosegundoapelido

Contrasinal: Instituto01

A primeira vez que cada alumno/a entre na aula virtual deberá cambiar o contrasinal dado por outro que considere, seguindo as instrucións de seguridade dos contrasinais da aula virtual.

10.-PÁXINA WEB DO IES CONCEPCIÓN ARENAL.

A nosa páxina web é <http://www.iesconcepcionarenal.es>



The screenshot shows the top navigation bar of the website. On the left, there is a logo for the Instituto de Educación Secundaria Concepción Arenal. In the center, there is a logo for the European Union and text indicating funding from the Fondo Social Europeo. On the right, there is a search bar with the text 'Procurar' and a magnifying glass icon. Below the navigation bar, there is a red horizontal bar with white text for navigation: INICIO, CENTRO, SECRETARÍA, COMUNIDADE EDUCATIVA, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, and ORIENTACIÓN.

Nos menús desplegados situados na parte superior, e que se amosan na imaxe, especialmente no menú superior COMUNIDADE EDUCATIVA>FAMILIAS atoparán todo tipo de información sobre o instituto: documentos, **programacións dos departamentos con información sobre criterios de cualificacións e contidos mínimos de cada materia**, lexislación, criterios de avaliación, actividades, calendarios, datas avaliacións, etc. Nos outros MENÚS superiores teñen acceso a documentos do Centro, Protocolos, impresos, etc.

No apartado TODAS AS NOVAS, ubicado na páxina principal, poden consultar todas as novas importantes publicadas por orde cronolóxica, dende a máis recente á máis antiga. Debaxo deste cadro atópanse as catro últimas novas.

No cadro da páxina principal BIBLIOTECA poden consultar toda a actividade da Biblioteca do Centro, así como o catálogo de libros e material dispoñible.

Tamén dende o cadro AULA VIRTUAL pódese acceder directamente á mesma e a todos os cursos decada unha das materias do seu fillo ou filla, ordenados por nivel educativo (1ESO, 2ESO, etc.)

Información sanitaria

Programa de alerta escolar, no que pode inscribirse o alumnado menor de 16 anos que teña algunha patoloxía grave (alergias, diábetes, epilepsia,...) con fin de atendelos mellor e máis rapidamente se é necesario chamar ao 061. Deben cubrir un formulario que está na web, e presentalo no centro xunto co informe médico que acredite o padecemento.

<http://www.iesconcepcionarenal.es/wp-content/uploads/2019/11/Informacion-sobre-plan-escolar-e-plan-de-atencion-individualizado.pdf>

Seguro escolar

Poden consultar a información (prestacións, formularios, etc.) no seguinte enlace

<https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/InformacionUtil/44539/45073>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA “CONCEPCIÓN ARENAL”

Rúa Cuntis, 1 – 15403 FERROL (A CORUÑA) Telf. 881 930 170/Fax 881 930 184 (NIF Q-6555270-E)
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesconcepcionarenal> – E-mail : ies.concepcion.arenal@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”

11.-Actividades no centro:

A encargada das actividades extraescolares é a profesora e Vicedirectora **Raquel Formoso Carreira**. Este curso, entre outras, desenvolveranse actividades en:

- Grupo de teatro (Belén Roca, profesora de L galega)
- Clube de lectura (Profesora de francés, Jennifer Boquete)
- Biblioteca (Alicia López, profesora de Francés), que poden consultar no blogue da biblioteca que existe na páxina web.
<http://bibliotecash.blogspot.com/>
- Ao longo do curso haberá outras actividades organizadas polo Departamento de orientación, Vicedirección e os distintos departamentos didácticos, das que se informará a través da web do Centro, e/ou vía Abalar.